

EXPOSICIÓN

**Inauguración o venres 21 de xaneiro de 2011, ás 20.30 h,
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”
dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo)**

Interveñen:

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Carlos Pereira Martínez, historiador.
Antón Sobral, pintor.**

A continuación, a poeta Lucía Aldao cantará e recitará uns poemas.

Do 21 de xaneiro ao 25 de febreiro de 2011.

Horario:

**Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h
Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h**



O CÉANO SOBRAL



Presentación

Acollemos, na Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama, para iniciar as actividades deste ano 2011, unha exposición de pintura do artista multidisciplinar pontevedrés Antón Sobral, vello amigo de Culleredo, onde ten participado nas edicións realizadas dos Encontros de Pintura e Poesía.

Neste acto, ademais, a xove poeta Lucía Aldao, unha das voces máis prometedoras da poesía galega máis nova, ofrecerá un espectáculo poético-musical.

Será unha fermosa xornada a que viviremos nos Muíños. Achegádevos a compartir con nós esa velada.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Antón Sobral Iglesias naceu en Marín en 1952. cursou estudos de Xeografía e Historia na Universidade de Santiago. Logo duns anos como docente de Ensino Medio, é profesor da Escola Superior de Restauración e Conservación de Bens Culturais de Galicia en Pontevedra.

Foi presidente da Asociación de Artistas Plásticos de Pontevedra e comisario de exposicións, participando na organización da Bienal de Pontevedra. Ten colaborado con moitas entidades culturais (O Galo de Santiago, Ateneo Santa Cecilia de Marín, Ateneo de Pontevedra...) e é habitual a súa participación, como organizador ou colaborador, en mostras solidarias a beneficio de pobos como Ruanda, Cuba, Nicaragua ou Haití, Prestige, Amnistía Internacional...

Ten participado en Encontros de Arte e Natureza en Soutomaior, Marín, Illa de Arousa, Ortigueira..., nos Encontros de homenaxe a Man, en Camelle, e nos Encontros de Pintura e Poesía da Deputación da Coruña, no Pazo de Mariñán, e nos organizados polos concellos de Culleredo ou Brión.

A Deputación de Pontevedra editoulle un importante catálogo antolóxico do seu traballo. Ten sido galardoado en diversos certames artísticos.

Leva realizado máis dun centenar de exposicións por Galicia (Vigo, Ourense, Allariz, Arzúa, A Coruña, Lugo, Lalín, Cangas, Vilaboa, Cerdedo, Poio, Pontevedra, O Grove, Marín, Cangas, Vilalba, Pontearreas, Moaña, Cambados, Bueu, Madrid, Marín, Pontevedra, Soutomaior, Santiago de Compostela, Forcarei, Brión, entre outros moitos lugares) e países como Alemaña, Italia, República Checa, Austria, Francia, Suíza ou Cuba.

Últimas exposicións:

2003: Arte Galega. Mostra subhasta para os voluntarios do Prestige. Pazo da Cultura de Pontevedra. A cor do mar. Soportais da Praza da Verdura. Pontevedra. Artistas por UNICEF. Sala Teucro. Pontevedra.

2004: Museo Municipal Manuel Torres. Marín. Capilla de Santa Ana. Passau. Alemaña. Memorial M. Á. González Estévez. Auditorio de Vilagarcía de Arousa.

2005: ¿Por qué os poetas alimentanse de néboa? Galería C5. Santiago. Artistas por UNICEF. Sala Teucro. Pontevedra. Os gozos e as sombras. Fundación Torrente Ballester. Santiago. Kulturmodell. Passau. Alemaña.

2006: Conxemar. Caixanova. Vigo. Catro elementos. Embaixada de Venezuela. New York. Océano Sobral. Caixanova. Vigo.

2007: Homenaxe a Cunqueiro. Sala de exposicións. Brión. Hotel del Ville. Lanester. Francia. Centro de Arte Jaime Trigo. Pontevedra.

2008: Arte Solidario contra o cancro. Hotel Peregrino. Santiago. Galería Chroma. Vigo. IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Galería Sargadelos. Pontevedra. Galería Star. Madrid. Galería Galyart. Santiago.

2009: Acción contra a fame. Fundación Torrente Ballester. Santiago.

2010: “Ti es eu, eu son ti, Haití” Museo de Pontevedra. Pontevedra. “Vicus x Haití” Casa das Artes. Vigo. Tarabela Espazo en movemento. Lalín. “O libro de artista como colector de ideas”. Verbum. Vigo. Galería Metro (Santiago).